

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

17976 *Real decreto 1621/2011, do 14 de novembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

A regulación contida no vixente Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, viuse afectada pola recente aprobación de diversas normas legais, en especial polo establecido na nova disposición adicional quincuaxésima da Lei xeral da seguridade social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que se lle engadiu ao dito texto legal pola disposición derradeira quinta da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos. A citada disposición adicional, relativa ás notificacións de actos administrativos no ámbito da Seguridade Social por medios electrónicos, incide de forma xeral en todos os procedementos de seguridade social e, concretamente, no caso que nos ocupa, nos relativos aos actos de xestión recadatoria da Seguridade Social, regulados tanto na Lei xeral da seguridade social coma no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, que constitúen, pola súa vez, a normativa específica deses actos a que se refire a disposición adicional sexta.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De acordo con isto, mediante este real decreto procédese a adaptar a regulación contida nos artigos 9 e 35.1 do referido regulamento xeral a esa nova disposición adicional quincuaxésima da Lei xeral da seguridade social, conforme cuxo número 1 as notificacións por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos dos actos administrativos de Seguridade Social se efectuarán na sede electrónica desta respecto aos suxeitos obrigados que determine o ministro de Trabajo e Inmigración, de acordo co previsto na letra e) do artigo 5.2 da Lei xeral da seguridade social, igualmente engadido pola Lei 32/2010, do 5 de agosto, así como tamén respecto a aqueles que, sen estaren obrigados, optasen por esa clase de notificación, mentres que, no caso de non optaren por ela, as notificacións se practicarán no domicilio que se indicase para cada procedemento e, no seu defecto, no que figure nos rexistros da Administración da Seguridade Social. Sen prexuízo da referida adaptación regulamentaria, levada a cabo mediante este real decreto, a implantación do sistema de notificación en sede electrónica levarase a cabo de forma gradual respecto aos actos de xestión recadatoria, tal como se prevé na disposición transitoria única.

Así mesmo, o número 4 da citada disposición adicional quincuaxésima determina que, nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as notificacións que non se puidesen realizar na sede electrónica da Seguridade Social ou no domicilio do interesado se practicarán exclusivamente no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social situado nesa sede electrónica, nas condicións nel establecidas e desenvolvidas pola Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, reguladora dese taboleiro, o que no ámbito da xestión recadatoria resulta de especial relevancia para os efectos de conseguir a maior eficacia na tramitación dos procedementos correspondentes, coas máximas garantías para os administrados, e así cumprir o obxectivo de economía de custos que debe presidir todo procedemento administrativo.

Esas mesmas razóns determinan a conveniencia de estender a publicación no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social a outros actos recadatorios cuxa publicación se prevé no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, para efectos do cal se modifican o número 1 do seu artigo 117 e o número 2 do seu artigo 127,

relativos, respectivamente, á publicación de anuncios de poxa e á consideración como custas do procedemento recadatorio dos gastos derivados dela, que pasan a quedar referidos exclusivamente aos procedentes da posible publicación de tales anuncios en medios de comunicación de gran difusión ou en publicacións especializadas, posibilidade que se segue prevendo no citado artigo 117.1 cando, a xuízo do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, resulte conveniente para o fin perseguido e proporcionada co valor dos bens.

Xunto a esa importante novidade lexislativa débese destacar a recente modificación levada a cabo pola disposición derradeira terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos artigos 23.3 e 37 da Lei xeral da seguridade social, que regulan, respectivamente, a devolución de ingresos en virtude de resolución xudicial firme e a responsabilidade de persoas e entidades depositarias de bens embargables que colaboren ou consintan no seu levantamento, a cuxa nova redacción se procede a adecuar a dos artigos 44.2 e 94 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Finalmente, refórmase unha serie de preceptos do repetido regulamento xeral co obxecto de axustar a súa regulación á experiencia e ás novas necesidades derivadas da xestión recadatoria da Seguridade Social ou, simplemente, para actualizar o seu contido e as remisións normativas efectuadas neles.

Desa forma modifícase o punto 1.a) do artigo 3, relativo ás entidades financeiras autorizadas a colaborar na xestión recadatoria, co fin de sinalar expresamente que esas autorizacións poden habilitar tamén para a xestión dos pagamentos das obrigas da Seguridade Social, conforme o establecido no Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto.

Tal modificación complementábase coa dos artigos 17 e 18 deste último regulamento xeral, efectuada na disposición derradeira primeira do real decreto, de forma que o primeiro de tales preceptos, regulador das relacións coas entidades financeiras colaboradoras, se amplía para recoller nel tanto a necesidade que estas teñen de estar autorizadas para colaborar na xestión de ingresos e pagamentos, con remisión ao disposto nos artigos 3 e 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, como unhas causas específicas de suspensión, restrición ou revogación das súas autorizacións por incumprimentos en materia de pagamentos. Pola súa parte, no artigo 18 pásase a sinalar que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social establecerá os procedementos e mecanismos precisos para cofecer e controlar as operacións realizadas na súa condición de colaboradoras por tales entidades financeiras, ou polas súas agrupacións ou asociacións.

Na citada disposición derradeira primeira modificouse, así mesmo, o número 1 do artigo 7 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, co obxecto de acomodar a xestión de tesouraría do circuíto financeiro da Seguridade Social ás súas disponibilidades líquidas e temporais de saldos financeiros.

Tamén se procede a reformar o artigo 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, no cal se regulan as autorizacións de colaboración na xestión recadatoria da Seguridade Social, en parte para simplificar a redacción do seu número 1, suprimindo a referencia, xa desactualizada, que realiza ao artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e en parte para determinar, no seu número 4, que as resolucións do secretario de Estado da Seguridade Social relativas a esa colaboración se publicarán unicamente no «Boletín Oficial del Estado», en termos similares aos previstos no artigo 17 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

O artigo 14, relativo á responsabilidade subsidiaria, ve equiparada a regulación do inicio do expediente e da emisión da correspondente reclamación de débeda, contida nos seus números 1 e 2, á establecida para a responsabilidade solidaria no artigo 13.4 do propio Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Nos artigos 71 e 75 pasan a recollese, como supostos específicos de reintegro de capitais custo de pensións ou do importe doutras prestacións, así como das recargas sobre elas, aqueles que poidan derivar de revisións por melloría do estado invalidante

profesional, de conformidade co artigo 143.3 da Lei xeral da seguridade social, ou da extinción de prestacións por morte e supervivencia, con determinadas excepcións, establecéndose que en tales casos o ingreso do capital custo ou da prestación correspondente non terá a consideración de ingreso indebido nin resultará de aplicación, en consecuencia, o disposto nos artigos 44 e 45 do regulamento xeral reformado.

Pola súa parte, no número 2 do artigo 105 substitúese o termo edicto polo de anuncio de poxa, co fin de que a súa regulación resulte máis acorde coa nova redacción dada neste real decreto ao artigo 117.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, e modifícanse, así mesmo, o número 2 do seu artigo 122, para a súa adaptación á redacción vixente do artigo 175.2.^a do Regulamento hipotecario, e o número 3 do seu artigo 123, para actualizar a remisión nel realizada á regulación da capacidade e solvencia para poder contratar coa Administración.

O procedemento de alleamento de bens embargados mediante adxudicación directa pasa a regularse de forma máis detallada, para o cal se deu nova redacción aos artigos 113 e 120.7 do regulamento xeral reformado e se incorporaron ao seu texto os novos artigos 113 bis e 123 bis.

Pola súa vez, a disposición adicional terceira modifícase para posibilitar a aplicación do procedemento de dedución de débedas fronte a entidades públicas á recadación de reintegros ou exixencia de responsabilidades en favor dos entes xestores dos conceptos de ingreso conxunto coas cotas da Seguridade Social, ao abeiro do previsto nos artigos 227.2 e 34 da Lei xeral da seguridade social.

Por último, a disposición adicional quinta, dedicada na actualidade á incorporación ao sistema de remisión electrónica de datos (RED) por parte dos profesionais colexiados e demais persoas que actúen en representación dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar á Seguridade Social, ve ampliada a súa regulación co fin de recoller tamén a incorporación e o uso efectivo dese sistema por parte de tales suxeitos responsables. Actualízanse así mesmo os efectos que tal incorporación e uso efectivo teñen respecto a eses representantes e atribúeselles aos titulares das direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a competencia para resolver en materia de autorizacións de incorporación ao citado sistema.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido na disposición derradeira sétima da Lei xeral da seguridade social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

O Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un último parágrafo ao punto 1.a) do artigo 3, coa seguinte redacción:

«A autorización ás entidades financeiras a que se refire este punto, así como ás súas agrupacións ou asociacións, para actuaren como colaboradoras na xestión recadatoria da Seguridade Social poderá comprender tamén a colaboración no pagamento das obrigas do sistema da Seguridade Social, nos termos sinalados no Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.»

Dous. Os números 1 e 4 do artigo 4 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. A concesión ou denegación de autorizacións para actuar como colaboradores na xestión recadatoria da Seguridade Social corresponderá, conforme as normas establecidas para o efecto polo ministro de Traballo e Inmigración, ao secretario de Estado da Seguridade Social, quen deberá resolver as solicitudes formuladas para tal efecto nun prazo de seis meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada no seu rexistro. Transcorrido ese prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.»

«4. A resolución do secretario de Estado da Seguridade Social que autorice a colaboración, restrinxa, suspenda ou revogue a autorización concedida ou acorde o cesamento na colaboración, ademais de se notificar ao colaborador correspondente, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da publicación.»

Tres. O artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Notificacións.*

1. As notificacións que se efectúen nos procedementos recadatorios regulados neste regulamento axustarán o seu contido e cursaranse conforme o disposto nos números 2, 3 e 4 do artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A práctica das notificacións en materia de xestión recadatoria da Seguridade Social realizarase por medios electrónicos ou no domicilio ou lugar que corresponda, nos seguintes termos:

a) Respecto aos suxeitos responsables do pagamento de débedas coa Seguridade Social, obrigados a incorporarse ou incorporados voluntariamente ao sistema de remisión electrónica de datos (RED), as notificacións efectuaranse obrigatoriamente mediante comparecencia na sede electrónica da Seguridade Social, nos termos e condicións que estableza o ministro de Traballo e Inmigración.

Estas notificacións dirixiranse exclusivamente aos autorizados para o uso dese sistema, salvo que os suxeitos responsables soliciten que as notificacións electrónicas se poñan á disposición exclusiva deles ou dun terceiro.

As notificacións electrónicas entenderanse practicadas, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso ao seu contido na sede electrónica da Seguridade Social, sempre que aquel teña lugar dentro dos dez días naturais seguintes ao da posta á disposición da notificación correspondente.

De se rexeitar expresamente a notificación, considerarase efectuado o trámite e continuarase o procedemento. A notificación tamén se entenderá rexeitada, con idéntico efecto, de non accederse ao seu contido dentro do prazo indicado no parágrafo anterior.

b) Respecto aos suxeitos responsables do pagamento de débedas coa Seguridade Social, non obrigados a incorporarse nin incorporados voluntariamente ao sistema RED, que opten por ser notificados por medios electrónicos, as notificacións tamén se efectuarán obrigatoriamente mediante comparecencia na sede electrónica da Seguridade Social, conforme o indicado na letra a).

Para os efectos de recibir as notificacións electrónicas, estes suxeitos responsables poderán optar por que se dirixan ao seu representante, se o houber, caso en que se porán á disposición exclusiva deste.

c) Respecto ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como ás súas entidades e centros mancomunados, as notificacións en materia de xestión recadatoria tamén se practicarán na sede electrónica da Seguridade Social, nos termos e co alcance que determine o ministro de Traballo e Inmigración.

d) Respecto aos suxeitos responsables a que se refire a letra b) que non opten por ser notificados por medios electrónicos, as notificacións efectuaranse no domicilio que expresamente indicasen e, no seu defecto, no que figure nos rexistros da Administración da Seguridade Social ou noutro lugar adecuado para tal fin, e practicarase conforme o disposto nos números 1, 2 e 4 do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. As notificacións relativas a outros interesados no procedemento recadatorio, previstas neste regulamento, efectuaranse conforme o sinalado no punto 2.d), salvo que opten por ser notificados por medios electrónicos, caso en que resultará de aplicación o disposto no punto 2.b), sen prexuízo das excepcións que, de ser o caso, poida establecer o ministro de Traballo e Inmigración.

4. Cando os interesados nun procedemento recadatorio sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou o medio para efectualala, ou ben, intentada a notificación, non se puidese practicar en calquera dos supostos previstos nos puntos anteriores, a notificación realizarase exclusivamente por medio de edictos no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social situado na súa sede electrónica, e non procederá a súa publicación por ningún outro medio.

Transcorridos vinte días naturais desde a publicación do edicto relativo á notificación no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social, entenderase que esta foi practicada, darase por cumprido o trámite e continuarase co procedemento recadatorio.»

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 14 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Cando concorran feitos, negocios ou actos xurídicos que determinen a responsabilidade subsidiaria dunha persoa, física ou xurídica, ou entidade sen personalidade, respecto de débedas coa Seguridade Social líquidas, vencidas e exixibles, unha vez constatada a insolvencia do debedor principal, poderase emitir reclamación de débeda ou acta de liquidación contra o responsable subsidiario.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con carácter previo á emisión da reclamación de débeda por responsabilidade subsidiaria, ditará acordo de iniciación do expediente, que se notificará ao interesado, dándolle trámite de audiencia por un prazo de 15 días a partir do seguinte ao da notificación dese acordo, co fin de que efectúe as alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes.

O prazo máximo para notificar a reclamación de débeda por derivación de responsabilidade subsidiaria será de seis meses, contado desde o día seguinte á data do acordo de iniciación.

A emisión da reclamación de débeda por derivación de responsabilidade subsidiaria non requirirá de acordo de iniciación previo nin de audiencia ao interesado cando se basee nos mesmos feitos e fundamentos de dereito que motivaron unha reclamación previa de débeda por derivación ao mesmo responsable; en tal caso, farase constar esa circunstancia na reclamación.

2. Salvo que a responsabilidade estea limitada por lei, a reclamación de débeda fronte ao responsable subsidiario comprenderá a totalidade da débeda exixible ao debedor principal no momento da súa emisión, excluídos recargas, xuros e custas, e conterá, ademais de todos os aspectos exixidos para calquera reclamación de débeda, a identificación do debedor principal e a manifestación da súa insolvencia con referencia, de ser o caso, ao acto en que se declarase, a expresión da natureza da débeda, os traballadores e períodos a que esta se refira e os feitos e fundamentos da responsabilidade subsidiaria.»

Cinco. O número 1 do artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A solicitude de aprazamento conterá necesariamente os datos precisos para a identificación do debedor e da débeda, con expresión dos motivos que a

orixinan, do prazo e vencementos que se solicitan e do lugar ou medio elixido para os efectos de notificacións. Conterá tamén, de ser o caso, o ofrecemento de garantías polo titular dos dereitos que vaian asegurar o cumprimento, con xustificación da súa suficiencia.»

Seis. O número 2 do artigo 44 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os ingresos que, en virtude de resolución xudicial firme, resulten ou se declaren obxecto de devolución aos interesados, terán a consideración de ingresos indebidos e serán obxecto de devolución nos termos fixados na dita resolución, con aplicación do disposto, de ser o caso, no artigo 24 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Sete. Engádesse un novo número 2 ao artigo 71, e o seu actual número 2 pasa a constituír o novo número 3 dese artigo, nos seguintes termos:

«2. Cando, como consecuencia de revisións por melloría do estado invalidante profesional ou da extinción de prestacións por morte e supervivencia por causas distintas do falecemento do beneficiario ou do cumprimento do período ou idade límite para a súa percepción proceda reintegrar, total ou parcialmente, a parte non consumida dos capitais custo de pensións ou das prestacións aboadas polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou polas empresas que fosen declaradas responsables do seu pagamento, este último non terá a consideración de ingreso indebido, para os efectos previstos nos artigos 44 e 45 deste regulamento, sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do disposto no artigo 24 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Estes reintegros imputaranse, así mesmo, con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Salvo o establecido nos puntos anteriores, os capitais custo de pensións, calquera que sexa o período de supervivencia dos beneficiarios, non serán obxecto de reversión ou rescate, total ou parcial, e non procederá a realización de ningún reintegro á mutua ou á empresa por esta causa.»

Oito. O número 1 do artigo 75 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As resolucións da entidade xestora da Seguridade Social nas cales se declare a procedencia de recargas sobre as prestacións económicas debidas a accidentes de traballo e enfermidades profesionais orixinadas por falta de medidas de seguridade e hixiene no traballo, así como os responsables de tales recargas, conforme o previsto no artigo 123 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, unha vez que sexan firmes en vía administrativa comunicaranse á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con indicación expresa do momento en que se realizase a súa notificación, para a recadación por esta do importe de tales recargas, sen prexuízo das devolucións que, de ser o caso, procedan, se se reducen ou anulan en vía xudicial os dereitos recoñecidos nas citadas resolucións administrativas. Tamén procederá o reintegro, total ou parcial, da parte non consumida das recargas nos supostos e co alcance a que se refire o artigo 71.2 deste regulamento.

O importe deses reintegros ou devolucións imputarase con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Nove. O número 2 do artigo 94 queda redactado nos seguintes termos:

«2. As persoas ou entidades depositarias de bens embargables que, con coñecemento previo do embargo practicado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, colaboren ou consintan no incumprimento das ordes de embargo ou no levantamento deses bens, serán responsables solidarios do pagamento da débeda ata o importe do valor dos bens que se puideron ter embargado ou alleado. Para

estes efectos, o pagador de soldos, salarios, pensións ou créditos embargados terá a consideración de depositario.»

Dez. O número 2 do artigo 105 queda redactado nos seguintes termos:

«2. De o predio ou predios non constaren inscritos e non ser posible expedir a anotación por calquera defecto emendable, tomarase razón do embargo no libro de inscricións correspondente e farase constar así na contestación ao mandamento.

Cando se trate de predios non inscritos, a unidade de recadación executiva solicitará do debedor que emende a falta de inscrición. Se o debedor non leva a efecto a inscrición, o director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, á vista das circunstancias que concorran no expediente, ordenará que se inicien as actuacións necesarias para suplir os títulos de dominio polos medios previstos no título VI da Lei hipotecaria ou o alleamento en poxa pública do ben embargado sen suplir previamente a falta de títulos de propiedade. Neste último caso, tal circunstancia expresarase no respectivo anuncio de poxa e observarase o previsto na regra 5.^a do artigo 140 do Regulamento hipotecario.»

Once. O artigo 113 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 113. *Formas de alleamento.*

1. Os bens embargados poderán ser alleados mediante poxa pública, concurso ou adxudicación directa, nos termos sinalados nos artigos seguintes.

a) A poxa pública constituirá o procedemento ordinario para a realización dos bens embargados.

b) O alleamento por concurso poderá ser autorizado polo director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social cando se trate de bens mobles ou semoventes e as circunstancias concorrentes, o volume ou o valor de tales bens así o aconsellen.

c) A adxudicación directa de bens ou dereitos só procederá excepcionalmente e nos supostos previstos neste regulamento.

2. Os interesados poderán participar nos procedementos de alleamento dos bens embargados a través dos medios electrónicos que aprobe o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Doce. Engádesse un novo artigo 113 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 113 bis. *Alleamento por concurso.*

1. No alleamento por concurso, a providencia en que se aprobe especificará o lugar en que se deban presentar as proposicións, a fianza que se debe prestar e a forma de pagamento; ademais, poderá establecer que o alleamento se realice mediante unha soa licitación verbal, sen se admitiren ofertas en sobre pechado. Poderá, así mesmo, exixir condicións especiais para a adxudicación, referidas tanto ás características profesionais que deban reunir os concursantes como á retirada dos bens alleados. No anuncio do concurso especificaranse tales aspectos.

2. Transcorridos cinco días hábiles desde a finalización do prazo de admisión de proposicións, o director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a adxudicar o concurso ou a declaralo deserto. A adxudicación, de ser o caso, efectuarase a favor da oferta máis vantaxosa, tendo en conta non só o aspecto económico, senón tamén o cumprimento das condicións especiais exixidas na convocatoria. O adxudicatario non poderá reservar para si o dereito a ceder a terceiros.

3. No non previsto para o concurso neste artigo observarase o establecido para o alleamento por poxa.»

Trece. O número 1 do artigo 117 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O anuncio da poxa publicarase no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social situado na súa sede electrónica.

Cando, a xuízo do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sexa conveniente para o fin perseguido e resulte proporcionado co valor dos bens, o anuncio da poxa poderase publicar tamén en medios de comunicación de gran difusión ou en publicacións especializadas.»

Catorce. O número 7 do artigo 120 queda redactado nos seguintes termos:

«7. Os bens poxados que non resulten adxudicados, ou aqueles respecto dos cales non se satisfaga no prazo establecido o prezo de remate, serán obxecto dunha segunda poxa, que se realizará nas mesmas condicións que a primeira. Se a segunda poxa resulta deserta e os bens non se adxudican á Tesouraría Xeral da Seguridade Social polos trámites previstos na sección segunda deste capítulo, serán devoltos ao constrinxido ou, de ser o caso, a quen conste como titular do ben ou dereito obxecto de alleamento, e procederase ao levantamento do embargo salvo que o director provincial, atendidas as circunstancias concorrentes, acorde o seu alleamento mediante adxudicación directa, de acordo co previsto no artigo 123 bis.»

Quince. O número 2 do artigo 122 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Se o ben adxudicado é inmovible, antes da emisión do certificado a dirección provincial comprobará se se observaron todas as formalidades legais na tramitación do expediente de constrinximento, requirirá para o efecto informe do servizo xurídico e disporá, de ser o caso, o necesario para emendar os defectos que se observen. Ese certificado incluírá, ademais dos extremos requiridos no punto anterior, os relativos á situación do inmovible e todas aquelas circunstancias que, de ser o caso, sexan precisas para a súa inscrición conforme a lexislación hipotecaria. A certificación así emitida será título suficiente para a inscrición ou inmatriculación da adquisición a favor do adxudicatario no rexistro da propiedade.

Se o adxudicatario solicita o outorgamento de escritura de venda do inmovible adxudicado, con carácter previo ao outorgamento da escritura remitirase o expediente ao servizo xurídico para que se emita o preceptivo informe, que deberá ser formulado no prazo de cinco días a partir da data de recepción do expediente de referencia. O director provincial disporá o necesario para que se emenden os defectos que se observen.

Unha vez devolto o expediente polo servizo xurídico, con informe de que se observaron as formalidades legais no procedemento de constrinximento, deberán ser outorgadas as escrituras de venda dos inmovibles que fosen alleados dentro dos quince días seguintes, logo de citación aos debedores ou aos seus representantes, se os houber, ou por edicto se así procede.

Se non compareceren á citación, o director provincial outorgará de oficio tales escrituras en nome dos debedores e a favor dos adxudicatarios, e farase constar nelas que queda extinguida a anotación preventiva feita no rexistro da propiedade a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Así mesmo, expedirase mandamento de cancelación das inscricións e anotacións posteriores á correspondente anotación de embargo con relación aos créditos executados, consonte o disposto no artigo 175.2.^a do Regulamento hipotecario.»

Dezaseis. O número 3 do artigo 123 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para os efectos do disposto nos puntos anteriores, a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá realizar directamente concertos con persoas físicas ou xurídicas especializadas para a execución material das poxas,

sempre que as empresas e profesionais estean ao día das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e se encontren nas demais circunstancias establecidas para poder contratar coa Administración, conforme o capítulo II do título II do libro I da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, relativo á capacidade e solvencia do empresario contratante.

Os concertos que se realicen deberán determinar as condicións das contraprestacións económicas que deba percibir a empresa ou profesional especializado como consecuencia da realización da prestación dos seus servizos, deberán ser autorizados polo Consello de Ministros e terán carácter temporal.»

Dezasete. Engádesse un novo artigo 123 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 123 bis. *Alleamento mediante adxudicación directa.*

1. O director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, excepcionalmente e en atención ás circunstancias concorrentes en canto ao importe da débeda, ao valor dos bens e ás posibilidades de cobramento, poderá autorizar o alleamento mediante adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados e o mantemento das anotacións preventivas de embargo, nos seguintes supostos:

- a) Cando a segunda poxa quede deserta e os bens ou dereitos non se adxudiquen á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- b) Noutros casos en que non sexa posible ou non conveña promover concorrencia, por razóns xustificadas no expediente.

2. No suposto previsto na letra a) do número anterior, a autorización de alleamento mediante adxudicación directa deberase adoptar no prazo máximo de tres meses, contado desde a realización da segunda poxa, salvo que o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorice un prazo superior.

No suposto previsto na letra b) do punto anterior, a providencia de autorización ditarase, sen dilación, tan pronto como se teña constancia das razóns que xustifiquen esta forma de alleamento.

3. Autorizado o alleamento, no prazo dos seis meses seguintes realizaranse as actuacións conducentes á adxudicación directa dos bens e dereitos nas mellores condicións económicas, utilizándose para iso os medios que se consideren máis áxiles e efectivos.

Para tal efecto, no anuncio correspondente indicárase a data límite para a admisión de ofertas, que se deberán presentar en sobre pechado na sede da Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e poderáselles exixir aos interesados un depósito na contía que se coide adecuada. Tamén se fixarán o lugar, o día e a hora para a apertura dos sobres que conteñan aquelas, que terá lugar na referida sede, e constituirase para o efecto unha mesa de adxudicación directa conforme o previsto no artigo 119.

4. No suposto do punto 1.a), a adxudicación directa de bens ou dereitos non estará suxeita a prezo mínimo. Porén, tratándose de bens inmobles, se a mellor oferta non alcanza o 25 por cento do tipo de alleamento fixado para a poxa, só se poderá adxudicar o ben a calquera persoa presente no acto de licitación que ofrezca de viva voz esa porcentaxe, sempre que non se presentase outra oferta superior, caso en que o presidente da mesa poderá acordar que se deposite no mesmo acto a contía que determine para que teña efecto a oferta.

No suposto do punto 1.b), os bens ou dereitos valoraranse con referencia a prezos de mercado e tratarase de obter, polo menos, tres ofertas. Se as ofertas non alcanzan o valor sinalado, poderanse adxudicar sen prezo mínimo, en atención ás circunstancias concorrentes.

5. A adxudicación directa formalizarase mediante acta que subscribirán o presidente *da* mesa e o adquirente, no suposto do punto 1.a), e por resolución motivada do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos casos a que se refire o punto 1.b).

6. Tratándose de bens inmoables, o interesado que resulte adxudicatario non poderá ceder o seu dereito a terceiro.

7. No non previsto expresamente para o alleamento mediante adxudicación directa aplicarase o establecido para o alleamento por poxa no que resulte aplicable. En particular, advertirase o adxudicatario de que, se non satisfai o prezo de remate no prazo establecido para o efecto, se aplicará o importe do depósito que, de ser o caso, constituíse á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos prexuízos que ocasione a falta de pagamento do prezo de remate.

8. No suposto de bens inmoables, se o trámite da súa adxudicación directa transcorre sen resultado, poderanse adxudicar a calquera interesado que satisfaga un importe mínimo igual ao 25 por cento do tipo de alleamento que se fixou para a poxa, antes de que se acorde, de ser o caso, a súa adxudicación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

9. Transcorrido o prazo de seis meses a que se refire o número 3 sen se ter ditado acordo de adxudicación, darase por concluído este procedemento de alleamento e, salvo que se acorde a súa adxudicación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, os bens ou dereitos que non resulten adxudicados serán devoltos ao constringido ou, de ser o caso, a quen conste como o seu titular, e procederase ao levantamento do embargo.»

Dezaioito. O número 2 do artigo 127 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Considéranse custas os gastos seguintes:

a) Os de investigación e indagación dos elementos que integran o patrimonio do debedor.

b) Os dereitos de peritos e demais honorarios que se deban realizar a persoas que interveñan no procedemento, como os devengados con ocasión de valoracións e alleamentos dos bens embargados.

c) As taxas e dereitos arancelarios que se deban aboar pola expedición de copias, certificacións, notas, testemuños e documentos análogos que se teñan que solicitar para a adecuada tramitación do procedemento, salvo que sexan achegados por rexistros e protocolos que os faciliten de forma gratuíta.

d) Os producidos polo depósito e administración, de ser o caso, dos bens embargados, incluíndo a desmontaxe, embalaxe, acondicionamento, transporte, almacenaxe, custodia, mantemento e conservación.

e) Aqueloutros gastos imprescindibles para a execución, logo de autorización da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social competente, incluídos os que deriven das publicacións de anuncios de poxas en medios de comunicación de gran difusión ou publicacións especializadas, a que se refire o artigo 117.1.»

Dezanove. A disposición adicional terceira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. *Aplicación dos procedementos de constringimento e de dedución para a recadación de reintegros ou exixencia de responsabilidades en favor dos entes xestores dos conceptos de ingreso conxunto coas cotas da Seguridade Social.*

Os procedementos de constringimento e de dedución regulados neste regulamento serán aplicables para a recadación dos reintegros ou a exixencia de

responsabilidades en favor dos entes xestores dos conceptos que se recaden conxuntamente coas cotas da Seguridade Social, como consecuencia da anulación, redución ou imputación de responsabilidades ao empresario, Administración ou entidade pública correspondente respecto dos dereitos recoñecidos aos perceptores dos beneficios concedidos por aqueles, en todo o que non estea expresamente previsto nas súas normas específicas.»

Vinte. A disposición adicional quinta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Incorporación e uso do sistema de remisión electrónica de datos.*

1. A incorporación obrigatoria ou voluntaria ao sistema de remisión electrónica de datos (RED) por parte das empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables en materia de encadramento, cotización, recadación e outras actuacións de Seguridade Social obxecto de tal sistema, requirirá de autorización por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na cal se fixarán os termos e as condicións para a súa utilización efectiva.

2. Os profesionais colexiados e demais persoas que realicen as actuacións anteriores en representación dos suxeitos responsables a que se refire o número 1 deberanse incorporar e facer uso efectivo do sistema RED nos prazos e condicións que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e requirirán, así mesmo, da correspondente autorización por parte desta.

A incorporación e o uso efectivo do sistema RED establecidos no parágrafo anterior serán determinantes para a percepción da contraprestación polos servizos de xestión administrativa a que se refire o artigo 5.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, na contía e condicións que fixe o ministro de Traballo e Inmigración.

3. Os titulares das direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social serán competentes para ditar as resolucións que procedan en materia de autorizacións de incorporación ao sistema RED.»

Disposición transitoria única. *Aplicación gradual do sistema de notificación en sede electrónica.*

O disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto, respecto aos supostos de notificación en sede electrónica, aplicarase aos actos de xestión recadatoria da Seguridade Social nos prazos, termos e condicións que determine o ministro de Traballo e Inmigración.

Mentres non se declare a aplicación do sistema de notificación electrónica a cada un dos referidos actos, nos supostos e respecto aos suxeitos responsables previstos no citado artigo 9, aqueles seguiranse notificando conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tal como se establecía na redacción anterior do dito artigo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto.*

O Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social manterá nas entidades financeiras colaboradoras un saldo medio por valoracións equivalente ao importe da recadación obtida durante cinco días hábiles por mes de colaboración referida a cómputo anual. Para tal efecto, poderá ordenar os movementos de fondos necesarios entre as distintas entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións para, en todo caso, obter tal finalidade.

O director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá ampliar o cómputo anual a que se refire o parágrafo anterior, de concorreren circunstancias financeiras que así o aconsellen.

A porcentaxe que en cada entidade financeira colaboradora suporá sobre a súa recadación o saldo medio a que se refire o parágrafo primeiro deste número será igual en cada mes do período de cómputo, na medida en que a distribución entre cobramentos e pagamentos en cada unha delas así o permita. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social eliminará as desviacións que se produzan respecto á mesma porcentaxe de saldo medio calculada para o total das entidades.»

Dous. O artigo 17 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17. *Relacións coas entidades financeiras colaboradoras.*

1. As entidades financeiras e as súas agrupacións e asociacións deberán ser autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria dos recursos de dereito público da Seguridade Social e no cobramento dos seus recursos de dereito privado, así como no pagamento das obrigas do sistema da Seguridade Social, nos termos establecidos polos artigos 3 e 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

A autorización concedida ao respecto poderá ser restrinxida, suspendida ou revogada polo secretario de Estado da Seguridade Social, ademais de polas circunstancias sinaladas no artigo 4.2 do citado regulamento xeral e no artigo 5.2 deste regulamento, cando as entidades financeiras ou as súas agrupacións ou asociacións incumpran as normas reguladoras da xestión de pagamentos da Seguridade Social e, en particular, en caso de darse algunha das seguintes circunstancias:

a) Incumprimento da obriga, como colaborador, de proporcionar datos relativos aos cobramentos e pagamentos realizados a través seu no tempo e forma que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, utilizando os medios técnicos por ela establecidos.

b) Escasa utilización da autorización, manifestada pola inexistencia ou escaso volume de pagamentos realizados a través da correspondente entidade financeira, agrupación ou asociación.

2. As relacións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social coas entidades financeiras e coas súas agrupacións ou asociacións autorizadas a colaborar na xestión de ingresos e pagamentos da Seguridade Social, polas operacións financeiras relativas á conta única centralizada en cada unha delas, manteranse a través da oficina de relación que cada entidade, agrupación ou asociación designe de conformidade coa Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Tres. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Procedemento de relación.*

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social establecerá os procedementos e mecanismos necesarios para o coñecemento e control das operacións realizadas a

través das entidades financeiras e das súas agrupacións ou asociacións na xestión recadatoria e de pagamentos, que deriven dos ingresos dos recursos financeiros do sistema da Seguridade Social e das transferencias de fondos efectuadas, así como do pagamento das prestacións e demais obrigas do sistema.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O artigo 66 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 66. *Cotización en supostos de redución de xornada de traballo con diminución proporcional da retribución.*

O disposto no artigo anterior, coa excepción dos seus números 3 e 6, será de aplicación á cotización relativa aos traballadores por conta allea e asimilados que reduzan a súa xornada de traballo, con diminución proporcional das súas retribucións, nos supostos previstos no artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e nos artigos 48 e 49 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ